Sobre as previsións do Goberno galego referidas á modificación da súa posición actual en relación co cobro polo Concello de Vigo do IBI correspondente ao Hospital Álvaro Cunqueiro, así como as razóns da Xerencia do Sergas para interpor alegacións, como representante da empresa concesionaria do centro e do Servizo Galego de Saúde, co fin de evitar a modificación da ordenanza fiscal ao respecto



- 45164 - 41449 (10/PRE-013871)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María

Sobre as medidas adoptadas pola Xerencia do Hospital Clínico de Santiago de Compostela para resolver os problemas de aparcamento do centro respectando os acordos previos co Concello

- 45162 - 41455 (10/PRE-013872)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a cobertura de presencias de persoal nos servizos de Coidados Intensivos e Reanimación do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo

- 45161 - 41545 (10/PRE-013874)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María

Sobre o respecto polo Sergas, na actualidade, das condicións laborais e formativas dos médicos internos residentes conforme ao Programa Nacional da Especialidade do Ministerio de Sanidade, evitando utilízalos para a cobertura das necesidades estruturais do Sergas, as actuacións que está a levar a cabo para evitar fomentar a precariedade laboral e a saturación asistencial, así como as políticas que está a desenvolver para abordar e programar as necesidades da Atención Primaria e dotar orzamentariamente os recursos necesarios

- 45535 - 41614 (10/PRE-013875)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego en relación coa posta en marcha dalgunha medida ou campaña de prevención da fertilidade feminina e as medidas que está a considerar para evitar o aumento do número de mulleres que, despois de atrasar a súa maternidade, se atopan con problemas de fertilidade, así como a súa opinión referida á información que posúen as mulleres galegas ao respecto e á suficiencia dos medios e do número de centros de reprodución asistida dependentes do Sergas e os seus prazos de atención ás pacientes, en especial para os tratamentos de fecundación in vitro

- 45563 - 40615 (10/PRE-014094)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para acadar os obxectivos fixados na I Conferencia internacional de mulleres da pesca, celebrada en novembro de 2018 en Santiago de Compostela

- 45010 - 42375 (10/PRE-014113)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as previsións da Xunta de Galicia ao respecto da avaliación e reparación das deficiencias denunciadas polos profesionais e usuarios do Centro de Saúde do Couto, en Ourense, e as



actuacións levadas a cabo para solicitar á empresa constructora do centro a reparación das deficiencias que lle puideran ser atribuídas

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 13 de febreiro de 2019, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre determinados aspectos da seguridade e conectividade ferroviarias tras a retirada do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte da Unión (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2019) 88 final] [2019/0040 (COD)]

-10/UECS-000275 (46195)

Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre determinados aspectos da seguridade e conectividade ferroviarias tras a retirada do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte da Unión (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2019) 88 final] [2019/0040 (COD)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 46195, escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre determinados aspectos da seguridade e conectividade ferroviarias tras a retirada do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte da Unión (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2019) 88 final] [2019/0040 (COD)].

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (BOPG 27 do 9 de decembro de 2016), resolvo:

1º. Trasladar o referido á Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.



As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 13:16:46
Nº Rexistro: 45272
Data envío: 04/02/2019 13:16:46.741
Data 04/02/2019 13:16

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35903**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as previsións do Goberno galego referidas á modificación da política de contratación do Sergas para garantir unhas condicións laborais dignas eliminando a precariedade laboral, o arranxo das deficiencias denunciadas na Atención Primaria e o incremento do persoal nos puntos de atención continuada, así como o plan de actuación que vai desenvolver para o mantemento da calidade asistencial nela e as liñas de actuación que se van seguir para a cobertura das baixas e vacacións”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Atención Primaria é o servizo sanitario mellor valorado pola cidadanía en todos os barómetros sanitarios.

Para a prestación da asistencia sanitaria dispoñemos na Comunidade Autónoma de Galicia dunha ampla rede de centros de saúde, puntos de atención continuada (469 CS, 91 PACs), e hospitais (14), ademais da Fundación Pública de Urgencias Sanitarias 061, e demais axencias e organismos dependentes da Consellería de Sanidade e Servizo Galego de Saúde.

Nestes centros e dispositivos desenvolven o seu traballo arredor de 38.000 profesionais, 1.544 máis que no 2008 (7% máis médicos de familia, 6% máis persoal de enfermería).



Xacobeo 2021

páxina 1 de 3



Coas ofertas públicas de emprego foron 6.133 prazas convocadas entre 2009 e 2017 (851 de persoal médico, 2.311 de persoal de enfermería ou outros diplomados, 2.971 outro persoal).

Levamos a cabo convocatorias anuais de Ofertas Públicas de Emprego (OPES). Entre 2012 e 2016 ofertamos 1.606 prazas. OPE 2017: 1.616. OPE 2018:1400 prazas.

No período 2017/2020, teremos ofertada a posibilidade de estabilizarse a 5.000 persoas.

Nos últimos anos vimos incrementando a oferta de prazas MIR; na última convocatoria realizamos a maior oferta dos últimos anos, con 404 prazas; 105 prazas para medicina familiar e comunitaria, 7 máis que en 2017 e 13 máis que no 2016.

Ademais solicitamos en reiteradas ocasións ao Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social o incremento das prazas que temos acreditadas para poder aumentar a oferta de pediatría de 20 a 26 prazas.

E seguimos avanzando cara un novo modelo de atención primaria con medidas como o incremento do salario do persoal estable no mes de xaneiro de 2019 coa aplicación das retribucións previstas por carreira profesional unha vez remate a avaliación realizada; coa incorporación no primeiro trimestre do 2019 da figura do director de primaria na estrutura das Xerencias e neste ano realizaremos nomeamentos estables aos residentes que rematen o MIR de familia de pediatría, con duración mínima dun ano.

Levaremos a cabo os cambios que precisa o modelo organizativo desde o diálogo e o traballo colaborativo da Administración, os profesionais e a cidadanía.

De cara a acordar un plan de traballo cos profesionais e máis medidas para seguir avanzando, o pasado día 18 de decembro convocamos unha reunión con representantes de todas as categorías das áreas sanitarias e persoal de xestión, dos colexios profesionais e sociedades de médicos de familia, de enfermería especialista de atención primaria, membros do Consello asesor de Sanidade e sociedades científicas.

Constituíronse seis grupos de traballo para abordar: a reorganización e a creación de equipos para identificar os novos roles dos profesionais que traballan na atención primaria; as medidas encamiñadas á atención da demanda con calidade e seguridade; a priorización do plan de investimentos previstos para 2019 na atención primaria; as relacións entre a



atención hospitalaria e a primaria; a formación e a investigación, e a relación cos pacientes a través das novas plataformas tecnolóxicas aplicadas á saúde.

O plan de traballo acordado programouse para poder contar coas primeiras conclusións dos expertos no mes de febreiro”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 13:16:46
Nº Rexistro: 45272
Data envío: 04/02/2019 13:16:46.741

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/02/2019 13:16:43

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45423
Data envío: 05/02/2019 16:12:28.265
Data 05/02/2019 16:12

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35929**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández e don Luis Villares Naveira, sobre **“as razóns da non-inclusión, nos pregos de contratación dos helicópteros para a prestación do servizo de transporte sanitario aéreo, de condicións referidas á pericia dos pilotos e a seguridade do servizo, a garantía do mesmo nivel de seguridade nos voos do 061 que nas anteriores concesións, así como da igualdade de trato á empresa excluída”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á resposta facilitada polo Xerente do Sergas á pregunta oral n.º 34700 na Comisión 5ª do 14 de setembro de 2018, iniciativa que versaba sobre o mesmo tema.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45423
Data envío: 05/02/2019 16:12:28.265

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2019 16:12:25

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 13:16:38
Nº Rexistro: 45271
Data envío: 04/02/2019 13:16:38.882
Data: 04/02/2019 13:16

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35960** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a denuncia presentada pola asociación Batas Blancas no Consello de Contas de Galicia referida aos supostos pagamentos irregulares do Sergas a tres empresas proveedoras de servizos de xestión hospitalaria”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Os contratos de servizos de xestión hospitalaria corresponden a concursos públicos e cumpren a normativa vixente en materia de contratación. Precisar que non foron licitados no 2001, tal e como se recolle na pregunta parlamentaria e que son prorrogados de acordo co establecido legalmente nos contratos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 13:16:38
Nº Rexistro: 45271
Data envío: 04/02/2019 13:16:38.882

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/02/2019 13:16:34

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 13:16:30
Nº Rexistro: 45270

Data envío: 04/02/2019 13:16:30.163

Data 04/02/2019 13:16

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35961**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a data prevista pola Xunta de Galicia para a realización dunha xuntanza coa Comisión de Centro co fin de afrontar o problema de sobreesaturación que hai no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, así como as razóns do incumprimento do acordo acadado respecto da súa dotación de camas por unidade de hospitalización”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O novo edificio de hospitalización ten unidades de 41 camas e está dotado do persoal necesario para dar asistencia.

A Xerencia de Xestión Integrada de Ourense dota do persoal necesario para prestar a asistencia e a atención precisa a todos os pacientes que ingresan nas unidades do novo edificio de hospitalización”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 13:16:30
Nº Rexistro: 45270
Data envío: 04/02/2019 13:16:30.163

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/02/2019 13:16:26

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35962** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“o prazo previsto polo Goberno galego para o cumprimento do compromiso referido ao arranxo das deficiencias existentes no Centro de Saúde de Marín, así como o mantemento de conversas coa alcaldesa ao respecto”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O novo centro de saúde de Marín entrou en funcionamento no ano 2016 en substitución da Casa do Mar e do antigo centro de saúde que presentaban notables deficiencias. Na actualidade o centro de saúde de Marín presta asistencia sanitaria a máis de 25.000 usuarios e conta con dotación e recursos de atención primaria, pediatría, matronas, fisioterapia, odontoloxía, hixiene bucodental e traballo social.

As ausencias de persoal, en especial as de ILT de longa duración son cubertas ou ben por substitución ou por intersubstitución.

A atención primaria en Galicia proporciona servizos cuns elevados estándares de calidade, que se cumpren no concello de Marín, tanto na Unidade de Atención Primaria coma no Servizo de Atención Continuada.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 13:57:50
Nº Rexistro: 45146
Data envío: 01/02/2019 13:57:50.498

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2019 13:57:46

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35963** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“o seguimento que está a facer a Consellería de Sanidade en relación co grao de cumprimento da Lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais, o contido dos informes da Comisión Galega de Coidados Paliativos referidos á implantación e ao seguimento do plan galego para esa atención nas áreas sanitarias, e as medidas que está a adoptar a Consellaría para garantir a atención sanitaria legalmente establecida”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Coa aprobación da Lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías das persoas enfermas terminais, procedeuse a adaptar a composición da Comisión Galega de Coidados Paliativos, órgano asesor e consultivo nesta materia, procurando que estean representados e implicados dentro dela os axentes sanitarios e socio sanitarios que teñen relación, non só cos doentes terminais e as súas familias, senón tamén coas persoas con enfermidade avanzada e complexa.

A través do Decreto 181/2016, do 9 de decembro, polo que se modifica o Decreto 181/2010, do 21 de outubro, creouse a Comisión Galega de Coidados Paliativos, na que se integran o persoal médico e de enfermería de Medicina Interna; traballo social; médicos e farmacéuticos de Atención Primaria; Psicoloxía clínica hospitalaria; persoal médico e de enfermería de unidades de coidados paliativos; médicos da fundación 06; enfermería de HADO; médicos de oncoloxía;



médicos de pediatría; médicos de neuroloxía e un representante da Conselleira de Política Social.

O obxectivo desta composición é promover o dereito dos pacientes a recibir cuidados paliativos integrais acorde coa súas necesidades e coordinados entre os diferentes profesionais.

A Comisión Galega de Coidados Paliativos esta a traballar no redeseño dos Comités Técnicos Asistenciais de Coidados Paliativos, en canto a súas funcións e composición de xeito que sexan o reflexo da Comisión nas áreas sanitarias.

Así mesmo por parte da Comisión Galega de Coidados Paliativos estase a traballar nos contidos para a realización de accións formativas para todo o persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde co obxectivo de incrementar as competencias de atención aos pacientes con necesidades paliativas.

Desde a aprobación da Lei 5/2015 do 26 de xuño, de dereitos e garantías das persoas enfermas terminais, e de forma progresiva, os hospitais do Servizo Galego de Saúde están adaptando as súas unidades de coidados paliativos ao establecido nela.

A concepción dos coidados paliativos está a evolucionando cara a un modelo máis dinámico e integral, no que se compaxinan os tratamentos potencialmente curativos cos destinados a mellorar a calidade de vida. A atención paliativa é competencia de toda a rede sanitaria (atención primaria, atención hospitalaria, unidades de coidados paliativos e de hospitalización a domicilio), e non só dos dispositivos específicos de coidados paliativos.

Todos os pacientes que precisan de coidados paliativos son atendidos en función da necesidade. Para aquelas non complexas poden dispoñer dos recursos convencionais tanto de Atención Primaria como de Atención Hospitalaria. Cando se trate de pacientes con necesidades de atención paliativa considerada complexa disporán dos profesionais de recursos específicos de coidados paliativos.

Na nosa Comunidade existe unha rede de recursos na atención paliativa, unidades de coidados paliativos e unidades de hospitalización a domicilio, en todos os hospitais do Servizo Galego de Saúde.

Ademais o Servizo Galego de Saúde dispón de 399 unidades de Atención Primaria nas que atenden pacientes con necesidades de atención paliativa non complexas.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 13:57:41
Nº Rexistro: 45145
Data envío: 01/02/2019 13:57:41.451

O Servizo Galego de Saúde continúa a traballar a favor da atención paliativa dos galegos e galegas que o necesitan.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

páxina 3 de 3



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 13:57:41
Nº Rexistro: 45145
Data envío: 01/02/2019 13:57:41.451

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2019 13:57:38

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35965** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as previsións do Goberno galego referidas á posta en marcha no Hospital de Verín dunha unidade de hospitalización a domicilio, a reapertura da Unidade de Coidados Paliativos e o establecemento da base do 061 nese hospital, así como o futuro do Servizo de Pediatría tras a xubilación do actual pediatra”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A calidade asistencial ofrecida no Hospital de Verín é equiparable á de calquera dos demais hospitais comarcais de Galicia. Trátase dunha actividade asistencial de calidade, integrada, tanto coa atención primaria como cos recursos de atención hospitalaria da área de Xestión Integrada, e que segue mellorando en resultados asistenciais e en desprazamentos evitados.

A actividade do Hospital de Verín durante o ano 2018 permitiu a realización de 2.131 intervencións cirúrxicas, 2.453 ingresos, 65.988 consultas e 13.170 urxencias, ademais dunha óptima xestión dos tempos para acceder a consultas e intervencións. O tempo medio de espera en decembro de 2018 foi de 38,73 días.

No Hospital de Verín mantéñense todas as especialidades desde a súa apertura en 1994 ademais da realización de novas consultas e probas de Dixestivo, Endocrinoloxía, Neuroloxía, Oncoloxía Médica, Reumatoloxía e Cardiología que se fan directamente en Verín sen ter que viaxar ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

O Servizo de HADO está en marcha no Hospital de Verín desde o día 1 de marzo de 2018 e está dotado cun facultativo especialista en medicina interna, un enfermeiro e un auxiliar



administrativo.

Os coidados paliativos neste Hospital dependen de medicina interna e de HADO.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 13:57:33
Nº Rexistro: 45144
Data envío: 01/02/2019 13:57:33.451

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2019 13:57:30

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35966** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“o pechamento da terceira planta e a non-cobertura de persoal no Hospital Comarcal do Salnés”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“As diferentes EOXS do Servizo Galego de Saúde establecen a planificación estival na hospitalización. Con esta planificación adaptase as camas operativas ás necesidades que se producen no verán. A hospitalización redúcese en verán deste xeito as camas operativas se axustan a esa menor demanda. Unha parte desa diminución da necesidade de camas ven dada pola diminución da demanda en verán pero tamén pola menor actividade que se realiza por coincidir este período coas vacacións dos profesionais. No Hospital do Salnés durante os meses de xullo, agosto e setembro debido ao período vacacional dos traballadores, e en ausencia de substitutos para facer dita cobertura, faise necesaria unha reordenación dos recursos axeitada á actividade asistencial. Como consecuencia do anterior, desde o 1 de xullo ata o 30 de setembro, a terceira planta de hospitalización non se utiliza porque son suficientes as plantas primeira e segunda para cubrir á actividade asistencial. Non obstante, a terceira planta permanece dispoñible, é dicir, as camas están preparadas para ser utilizadas en calquera momento, como así se fixo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 13:57:24
Nº Rexistro: 45143
Data envío: 01/02/2019 13:57:24.795

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2019 13:57:17

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 36150** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións do Goberno galego destinadas a garantir os dereitos de aborto no territorio galego e no ámbito da sanidade pública”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á resposta facilitada polo director xeral de Asistencia Sanitaria á pregunta oral en comisión número 36.648 que tivo lugar 14 de novembro de 2018.

O enlace no que pode consultarse é o seguinte:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emprego-2018-11-14?part=e7098c78-0df8-4918-9995-76af521e903a&start=9414.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emprego-2018-11-14?part=e7098c78-0df8-4918-9995-76af521e903a&start=9414)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 13:16:22
Nº Rexistro: 45269
Data envío: 04/02/2019 13:16:22.007

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/02/2019 13:16:18

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 36161** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a dotación polo Goberno galego de medios materiais e humanos suficientes ao servizo de urxencias do CHUS”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á resposta facilitada polo Conselleiro de Sanidade á pregunta número 27774 que tivo lugar no pleno do día 21 de marzo de 2018.

O enlace onde pode ser consultado é o seguinte:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-2018-03-21?part=d04b04a8-5b4e-4a29-88de-02f9f6d9fe7e&start=5601.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-2018-03-21?part=d04b04a8-5b4e-4a29-88de-02f9f6d9fe7e&start=5601)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 13:56:50
Nº Rexistro: 45142
Data envío: 01/02/2019 13:56:50.810

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2019 13:56:47

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35978** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as razóns do Goberno galego para privatizar o servizo do Gabinete de Prensa da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada do Salnés ao existir unha praza pública cuberta para a súa prestación e elixir o procedemento negociado para a súa adxudicación, así como a valoración da denuncia presentada ao respecto”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Non existe ningunha duplicidade. Trátase dunha contratación de apoio técnico para o reforzo do departamento de comunicación da Estrutura de Xestión Integrada (EOXI) de Pontevedra, que cumpre todos os requisitos legais. A contratación deste reforzo que complementa ao servizo de prensa remóntase a 2007, durante a etapa do bipartito, cando se realizou por un importe que duplicaba o actual.

A EOXI de Pontevedra dá cobertura a 3 hospitais e 46 centros de saúde que atenden a unha poboación de referencia de preto de 300.000 habitantes.

A contratación realizouse a través de procedemento negociado por un importe de 30.000 euros, dacordo coa Lei de Contratación do Sector Público en vigor nesa data, que contemplaba ese procedemento para contías inferiores a 60.000 euros para contratos e servizos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45156
Data envío: 01/02/2019 14:41:28.289

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2019 14:41:02

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 36212** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a denuncia da Fiscalía referida ao falecemento dunha muller no corredor de Urgencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela”**, (publicada no BOPG número 359 do 20 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Sanidade non pode pronunciarse sobre un tema xudicializado e prestará toda a colaboración que se considere necesaria.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 13:56:41
Nº Rexistro: 45141
Data envío: 01/02/2019 13:56:41.670

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2019 13:56:34

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 36213** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as actuacións que vai levar a cabo a Consellería de Sanidade para solucionar as deficiencias existentes no funcionamento da Unidade de Asbestose do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol, o protocolo que se está a aplicar para derivar á atención primaria os doentes afectados e a solución prevista para o tratamento das persoas con patoloxías causadas polo amianto e que residan fóra da área sanitaria de Ferrol”**, (publicada no BOPG número 359 do 20 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde planifica a actividade asistencial co obxectivo de dar resposta ás necesidades dos pacientes que, nestes casos son cambiantes e dependen en grande medida do número de cidadáns que se incorporan ao programa. As persoas que se incorporan ao programa son persoas xubiladas, dado que durante a vida laboral non é o servizo público sanitario o responsable da súa asistencia. A incorporación de pacientes ao programa desde atención primaria está protocolizada, e polo que se especifican as probas que se deben realizar.

Cando a demanda o require se incrementa a oferta de consultas de pneumoloxía, así como das probas complementarias máis complexas para dar unha resposta áxil.

O seguimento dos casos leves asintomáticos son asumidos polo médico de atención primaria, segundo o protocolo establecido.

Mantéñense as reunións periódicas de seguimento do programa coa asociación AGAVIDA e as organizacións sindicais. Nelas realízase unha avaliación do programa que é ben valorado polos mesmos.

Na EOXI de Ferrol está vixente desde o ano 2010 un protocolo elaborado polo servizo de Pneumoloxía e presentado na Comisión de seguimento de traballadores con posible exposición ao amianto no que se especifican de xeito claro os fluxos para derivar aos pacientes con sospeita de exposición ao asbesto desde atención primaria á pneumoloxía, así como o seguimento daqueles casos leves polo seu médico de cabeceira.



Na actualidade se está a actualizar o protocolo tendo en conta o documento número 72 de Normativa SEPAR: 'Recomendaciones sobre el diagnóstico y el manejo de la patología pleural y pulmonar por asbesto'. Este documento foi coordinado a nivel nacional pola responsable do Servizo de Pneumoloxía do CHUF (Complejo Hospitalario Universitario de Ferrol) e presentado nun acto público en Ferrol promovido por AGAVIDA e que contou ca presenza da Xerencia da EOXI de Ferrol.

Segundo os datos do Ministerio de Empleo y Seguridad Social, a prevalencia da asbestose recoñecida como enfermidade profesional entre os anos 1990-2010 nas provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra é nula. Destaca a provincia da Coruña na que están declarados 86 casos como enfermidade profesional. O maior volume destes casos produciuse na comarca de Ferrol ligada ao traballo no naval.

Os datos dos que dispoñemos actualmente confirman esta información, unha vez que na área de Vigo son seguidos en consultas de pneumoloxía no HAC aproximadamente 30 pacientes. A incidencia desta patoloxía na comarca de Vigo é comparable ao resto de España.

En cada área sanitaria xa se dispón de un protocolo de diagnóstico e seguimento das enfermidades pulmonares en relación coa exposición ao amianto e asbesto, e nestes momentos estase a traballar na definición dun protocolo de atención único para toda Galicia.

Polo tanto desde o Servizo Galego de Saúde, considérase que o actual modelo de atención á exposición ao asbesto e amianto en Galicia cumpre co nivel de calidade necesarios.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 13:56:28
Nº Rexistro: 45140
Data envío: 01/02/2019 13:56:28.357

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2019 13:56:24

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 36354** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a incidencia que están a ter, nas unidades hospitalarias de cardioloxía, os convenios asinados polo Sergas nos anos 2016 e 2017 coa multinacional Medtronic”**, (publicada no BOPG número 359 do 20 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde formalizou acordos de colaboración para a mellora continua e para incrementar a calidade asistencial e eficiencia operativa de unidades asistenciais con Medtronic S.A.

Estes convenios son públicos e, como todos os convenios formalizados pola Consellería de Sanidade, atópanse dispoñibles e accesibles a toda a cidadanía no portal web da Xunta de Galicia (<https://www.xunta.gal/consulta-convenios>).

Os profesionais da unidade de Cardiología non teñen ningún incentivo específico relacionado coa cuestión formulada.

Os profesionais da empresa Medtronic non forman parte nin das unidades correspondentes nin da dirección das mesmas, e non teñen relación xerárquica algunha respecto do persoal do Servizo Galego de Saúde.

Non hai integración xerárquica de ningún membro dunha empresa externa no cadro de dirección das unidades asistenciais das EOXIs.

Os profesionais do Sergas non están a ser tutorizados por ningunha empresa privada.

A Consellería de Sanidade continúa traballando na mellora da calidade asistencial, dunha forma



rigorosa, utilizando argumentos técnicos e fundamentados, analizando e establecendo medidas de mellora para que a cidadanía galega continúe a ter un sistema sanitario público seguro e de calidade. E seguiremos realizando reunións periódicas da Comisión Técnica para avaliar e actualizar o PROGALIAM segundo as novas evidencias dispoñibles.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 13:56:19
Nº Rexistro: 45139
Data envío: 01/02/2019 13:56:19.420

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2019 13:56:10

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 36358** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“o coñecemento e as actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas denuncias dos profesionais da Unidade de Dermatoloxía do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña referidas á suposta incompatibilidade do xefe de servizo da unidade para o desempeño dese posto”**, (publicada no BOPG número 359 do 20 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En relación coa situación de incompatibilidade do Xefe de Dermatoloxía do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, segundo consta no seu expediente profesional, ten recoñecida a compatibilidade para o exercicio profesional da medicina por conta propia mediante Resolución da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Relacións Laborais do 4 de xaneiro de 2001.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 13:55:59
Nº Rexistro: 45138
Data envío: 01/02/2019 13:55:59.482

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2019 13:55:55

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 37027** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araújo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as carencias e deficiencias que presentan as instalacións e o funcionamento do Centro de Saúde da Milagrosa, na cidade de Lugo, a execución dalgunha mellora nel e a necesidade do seu desdoblamento, así como o prazo previsto para a posta en funcionamento dun novo Centro de Saúde Integral no barrio da Residencia”**, (publicada no BOPG número 363 do 27 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“As últimas actuacións que se levaron a cabo no Centro de Saúde da Milagrosa fixéronse no ano 2012, cunha nova consulta de hixienista dental, adaptación de espazos para unha sala de técnicas en planta de semisoto e na planta baixa aseos adaptados para usuarios con problemas de mobilidade. Unha vez aprobado o plan funcional e a toma de decisión de construír un novo centro de saúde no barrio da residencia, no edificio do centro de saúde da Milagrosa véñense facendo actuacións de mantemento das instalacións actuais. No momento en que se leve a cabo o desdoblamento asistencial ao novo centro da residencia, unha vez liberado o centro da Milagrosa da presión asistencial acometeranse as melloras necesarias para a adaptación das instalacións á nova situación de necesidades deste edificio, que verá transformada de maneira significativa a súa organización funcional.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 13:16:04
Nº Rexistro: 45268
Data envío: 04/02/2019 13:16:04.929

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/02/2019 13:15:52

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 37038** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia, para garantir unha atención social de calidade no ámbito sanitario, do número de traballadores e traballadoras sociais que prestan servizo na actualidade no Servizo Galego de Saúde, a valoración que fai do papel destes profesionais nese ámbito e as súas previsións respecto do aumento do seu número na Atención Primaria durante a X lexislatura”**, (publicada no BOPG número 363 do 27 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A dotación de prazas de traballador social nos cadros de persoal do Sergas actualmente é de 77, que están a traballar cun nomeamento estable nos cadros de persoal do Sergas, ademais do persoal substituto/eventual que xustifiquen as necesidades do servizo.

Nas OPES de 2015 e 2016 ofertáronse 16 prazas en cada unha delas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45422
Data envío: 05/02/2019 16:12:20.265

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2019 16:12:17

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 37055** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Concepción Burgo López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da implantación do servizo de Hemodinámica as 24 horas do día comprometido no Hospital Universitario Lucus Augusti, de Lugo, e, se é o caso, a data da súa entrada en funcionamento”**, (publicada no BOPG número 363 do 27 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Unidade de Hemodinámica do Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo ampliará o seu horario de funcionamento de forma continuada a 24 horas para procedementos urxentes e angioplastias primarias a mediados de febreiro.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45421
Data envío: 05/02/2019 16:12:12.702

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2019 16:12:09

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 37358** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o coñecemento polo Goberno galego do estado de deterioración e carencias que presenta o Centro de Saúde de Cee, o mantemento dalgún contacto co Concello ao respecto e as xestións que vai levar a cabo para evitar os inconvenientes e perigos que ocasiona esa situación, así como as previsións respecto da súa dotación dun servizo de Ortopantomografía e a asunción da súa xestión directa”**, (publicada no BOPG número 365 do 3 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O traspaso da xestión do centro de saúde do concello de Cee ao Servizo Galego de Saúde non poderá levarse a cabo mentras non se formalice a cesión patrimonial.

A referida cesión patrimonial non se poderá formalizar en escritura pública ata o momento en que o Concello achegue toda a documentación requirida para a formalización do traspaso.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45420
Data envío: 05/02/2019 16:12:05.093

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2019 16:12:02

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 38016** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego referida á situación da atención primaria e aos problemas derivados da carencia de pediatras para cubrir as prazas vacantes e facer substitucións, as medidas que está a levar a cabo para reverter esta situación e as súas previsións ao respecto, así como as súas intencións en canto á cobertura da praza de pediatra no Centro de Saúde de Mondariz, de xeito permanente e con horario completo, no caso do traslado do seu titular”**, (publicada no BOPG número 368 do 10 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En Galicia, e no resto de España, é sobradamente coñecido que existe un déficit de pediatras. En Galicia cóbrense as xubilacións, as baixas, os permisos e as vacacións, sempre que é posible.

O concello de Mondariz conta con 463 menores de 14 anos. Durante o mes de agosto, e algúns días de setembro, por mor da ausencia imprevista da pediatra titular, a atención sanitaria aos nenos e nenas do citado cupo trasladouse ao Centro de Saúde de Ponteareas, ante a indispoñibilidade de persoal substituto.

Dende o pasado 25 de setembro, a consulta de pediatría volveuse a retomar no propio centro de saúde de Mondariz.

No concurso de traslados que se está a levar a cabo nestes momentos, a pediatra titular obtivo destino noutro centro. Está previsto sacar a praza vacante para a súa cobertura por aqueles



especialistas dispoñibles.

Desde o Servizo Galego de Saúde estase a traballar co único obxectivo de garantir a asistencia pediátrica especializada de forma estable e continuada, fortalecendo a Atención Primaria.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45310
Data envío: 04/02/2019 16:00:36.688

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/02/2019 16:00:18

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 38701** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego referidas aos prazos de construción, o orzamento, a dotación e equipamento do Centro de Saúde de Bouzas, no concello de Vigo”**, (publicada no BOPG número 375 do 24 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos ao exposto na comparecencia do conselleiro de Sanidade en Comisión 3ª, para expoñer os orzamentos da Consellería para o ano 2019, que tivo lugar o 30 de outubro de 2018.

O enlace no que pode ser consultado é o seguinte:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-3-economia-facenda-orzamentos-2018-10-30>.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45309
Data envío: 04/02/2019 16:00:13.485

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/02/2019 16:00:08

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 38711** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coa carencia dun segundo equipo no Punto de Atención Continuada de Ponteceso e tempo necesario para o desprazamento desde este ata o hospital máis próximo, os datos referidos aos contratos temporais realizados na época de verán con destino a ese PAC e a opinión da Xunta de Galicia respecto da atención sanitaria ofrecida nel”**, (publicada no BOPG número 375 do 24 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Punto de Atención Continuada (PAC) que da asistencia fóra da quenda ordinaria de atención aos municipios de Ponteceso, Laxe e Cabana, cumpre rigorosamente as normas que regulan a ordenación de recursos de atención primaria e atención urxente extrahospitalaria en Galicia.

O PAC xunto cos servizos de atención primaria dos municipios aos que dá asistencia, dá cobertura a 13.000 usuarios/as e conta con dotación e recursos de medicina de familia, enfermaría e persoal de servizos xerais.

Hai un equipo de médico/a e enfermeiro/a en horario de 15.00 a 8.00 horas todos os días da semana, e un reforzo dun segundo equipo de atención os días festivos e os domingos, nos que non hai atención ordinaria, en horario de 8.00 a 15.00 horas, segundo a frecuentación e demanda da poboación, sendo que nesta franxa de atención hai dous médicos/as e dúas enfermeiras/os.

A xestión das coberturas no caso de ausencias realízase ao 100% no PAC, realizando a contratación que corresponde a esas coberturas segundo os acordos asinados coas centrais sindicais.

O número de cidadáns aos se dá cobertura non só non se ten incrementado dende a creación do PAC, senón que ten diminuído nun 20% pasando dunha poboación de 15.000 persoas ás actuais 13.000. Os ratios de poboación atendida e as asistencia realizadas, avaliando os datos de



2017, non xustifican un aumento da dotación, contemplando os datos medios de asistencia por profesional e día.

A través dos Puntos de Atención Continuada, que complementan aos equipos de atención primaria na quenda ordinaria de atención, dáse resposta e resólvense a maioría das demandas de atención, sen que as persoas teñan que desprazarse fóra da súa contorna para recibir asistencia sanitaria urxente. Esta accesibilidade está a disposición da poboación no PAC de Ponteceso-Laxe-Cabana.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45419
Data envío: 05/02/2019 16:11:58.015

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2019 16:11:53

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 38924** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto das interrupcións rexistradas entre os meses de xuño e setembro de 2018 no servizo sanitario do Centro de Saúde de Soutelo de Montes, os datos referidos ás producidas ao longo do ano, así como as medidas de reforzo previstas para as campañas de vacinación e a cobertura das vacacións da matrona do servizo de pediatría do Centro de Saúde de Forcarei”**, (publicada no BOPG número 375 do 24 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A pesar da escaseza de profesionais en listas de substitución, a xestión das libranzas e vacacións dos profesionais, faise con criterios técnicos que garanten unha asistencia sanitaria de calidade a todos os pacientes e facilita o goce de vacacións regulamentarias. O Servizo sanitario non se interrompeu en Soutelo nin en Forcarei.

Os meses e horas de ausencias durante o 2018 no Centro de Saúde de Soutelo de Montes foron os seguintes:

No mes marzo, dous días de ausencia de dúas horas cada día; no mes de abril un día de ausencia de 3 horas; no mes de xuño un día de ausencia de 3 horas e no mes de xullo dous días cun total de 7 horas. En todos os casos se xurdira algunha incidencia durante esas horas, derivaríase ao Centro de Saúde de Forcarei, ademais notificaríase ao 061 esta circunstancia.

A vacinación da poboación realízase ao longo de todo o ano tanto en adultos como en pediatría de acordo co calendario vacinal establecido para cada idade.

Coincidindo co final de outono e comezo do inverno, prodúcese cada ano unha campaña dirixida a protexer á poboación máis vulnerable da gripe, realizada polo equipo asistencial, que xestiona e programa dita campaña de cada cota de profesionais en cada Centro de Saúde.



No caso da pediatría, en vacacións do/a titular procédese ao bloqueo de axenda e a valoración dos nenos por parte do médico de familia, con coñecemento e capacitación para atender aos menores.

No caso da matrona, cunha actividade media de 1,33 pacientes ao día, ao non dispoñer de matronas nas listas de substitución, prográmase a súa actividade antes das vacacións e as necesidades ou incidencias que xurdan durante a ausencia desta, son atendidas pola matrona de Cotobade, tanto en Carballo como en Tenorio e valoradas polo médico de familia en caso de problemas de saúde. As urxencias obstétricas e xinecolóxicas aténdense no Hospital de referencia durante todo o ano.

A análise da actividade dos Centros de Saúde de Forcarei e Soutelo reflicten que a dotación é adecuada para poder garantir unha asistencia sanitaria de calidade, tanto en adultos como na poboación infantil, para os veciños deste municipio.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 17:34:17
Nº Rexistro: 45470
Data envío: 05/02/2019 17:34:17.718

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2019 17:34:14

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 39295** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da Xunta de Galicia para introducir, no Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas que acompaña o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, unha modificación na atención pediátrica, a través da creación da figura do pediatra de área”**, (publicada no BOPG número 378 do 31 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Representantes da Consellería de Sanidade, da Sociedade de Pediatría de Galicia (Sopega) e da Asociación Galega de Pediatría de Primaria (Agapap) reuníronse para analizar a proposta de creación, dentro do ámbito do Servizo Galego de Saúde, da nova categoría estatutaria de persoal facultativo de especialista de pediatría de área. A creación desta nova categoría de pediatra de área foi unha medida avaliada nas distintas reunións que a Administración sanitaria mantivo anteriormente coas sociedades pediátricas para paliar o déficit deste tipo de especialistas, así como cos colexios médicos e co Consello Asesor de Pacientes.

Tratábase, en definitiva, doutra proposta coa que o Sergas quería afrontar o déficit de pediatras que afecta ao conxunto dos sistemas de saúde, nunha comunidade como a galega na que o 90 por cento das prazas de pediatras están cubertas con profesionais especializados.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45418
Data envío: 05/02/2019 16:11:38.858

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2019 16:11:21

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 39319** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da cobertura dos permisos e das vacacións do persoal facultativo do Centro de Saúde de Catoira”**, (publicada no BOPG número 378 do 31 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A escaseza de profesionais de Atención Primaria é unha realidade que afecta non só a nosa Comunidade Autónoma senón tamén ao resto de Comunidades Autónomas de España.

No Centro de Saúde de Catoira hai unha profesional en situación de IT desde o 18 de setembro de 2018. Desde ese momento nos meses de setembro, outubro e novembro foi cuberta a súa ausencia ben por substitución ou por intersubstitución.

A dotación de profesionais realízase con criterios exclusivamente técnicos, que teñen en conta entre outros: o número de habitantes, a dispersión xeográfica, o envellecemento da poboación, a isócrona respecto do hospital de referencia así como do PAC, etc.

As ausencias dos profesionais, estanse a cubrir cos mesmos criterios que en calquera outro Centro de Saúde, e que garanten unha asistencia e accesibilidade adecuada á poboación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45308
Data envío: 04/02/2019 16:00:03.548

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/02/2019 15:59:57

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 39717** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia referida ao peche do centro da Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home na cidade de Lugo, as actuacións previstas para garantir a continuidade dos proxectos de iniciativa social consolidados que prestan servizos de xeito descentralizado co fin de evitar a derivación das persoas usuarias a outras provincias, así como para fiscalizar o cumprimento da lexislación polas institucións e entidades de iniciativa social que perciben subvencións ou recursos públicos, e os datos referidos aos recursos asistenciais de trastornos adictivos existentes na provincia”**, (publicada no BOPG número 383 do 14 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á reposta facilitada polo Conselleiro de Sanidade á pregunta oral en pleno número 39479, que tivo lugar no pleno do 7 de novembro de 2018.

O enlace na que pode ser consultada é o seguinte:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-11-07?part=d35991c9-ce7a-4a15-97df-b6346cfd2c0a&start=16619.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-11-07?part=d35991c9-ce7a-4a15-97df-b6346cfd2c0a&start=16619)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 13:15:47
Nº Rexistro: 45267
Data envío: 04/02/2019 13:15:47.413

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/02/2019 13:15:43

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 39994** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión e a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coas denuncias do persoal de enfermaría do Hospital Comarcal do Salnés referidas á situación de sobrecarga asistencial que está a padecer, como consecuencia do pechamento da terceira planta do centro”**, (publicada no BOPG número 383 do 14 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“As camas do Hospital do Salnés están sempre dispoñibles, independentemente de que en algún período de tempo non estean activas. O Plan de Hospitalización de período estival contempla que se monitoriza diariamente tanto a demanda asistencial como a presión de urxencias, de tal xeito que se o número de pacientes pendentes de ingreso sen cama asignada no servizo de urxencias ás 15 horas é maior de 5 ou o nivel de ocupación das camas de hospitalización é igual ou maior ao 90%, se procede a poñer en funcionamento as camas precisas da terceira planta. Dentro das melloras no ámbito dos recursos humanos a través do Plan de estabilidade do emprego e provisión de prazas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde en total estabilizáronse no Salnés 42 profesionais. O total de profesionais estabilizados na primeira fase foron 27, na segunda fase 9 e na terceira fase 6.

O Sergas, como ven facendo ata o de agora, dotará de recursos humanos ao Hospital do Salnés segundo as necesidades asistenciais o requiran.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45307
Data envío: 04/02/2019 15:59:52.079

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/02/2019 15:59:49

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 40000** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o coñecemento, a opinión e as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas demandas dos traballadores das empresas concesionarias do servizo de transporte sanitario terrestre, así como o control que está a levar a cabo respecto da prestación do servizo”**, (publicada no BOPG número 383 do 14 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego é coñecedor de que as centrais sindicais dos traballadores das ambulancias do transporte sanitario terrestre están a demandar a negociación do Convenio Colectivo para as empresas e traballadores de transporte de enfermos e accidentados en ambulancia na Comunidade Autónoma de Galicia prorrogado desde o ano 2016.

En relación ao transporte sanitario urxente terrestre concertado pola Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, trátase dun servizo que garante a todos os cidadáns galegos a accesibilidade, a equidade, e a eficiencia dunha asistencia de alta calidade. Un servizo que acada elevados niveis de satisfacción por parte dos usuarios cunha puntuación media do servizo de 9,3 (nunha escala de 0 a 10).”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45306
Data envío: 04/02/2019 15:59:44.876

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/02/2019 15:59:41

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 40019** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as razóns do Sergas para manter o actual modelo de xestión da Resonancia Magnética na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Vigo e para non aplicar o mesmo funcionamento que no resto dos hospitais do Sergas, así como as súas previsións referidas á rectificación en relación co plan aprobado ao respecto”**, (publicada no BOPG número 387 do 22 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Con data 27 de maio de 2016 asinouuse o acordo de integración funcional da unidade de resonancias magnéticas fixas xestionadas por Galaria no servizo de Radioloxía da EOXI de Vigo seguindo un sistema de funcionamento por áreas anatómicas. Este proceso iníciase pola solicitude dos profesionais do servizo de radiodiagnóstico da EOXI, cumpríndose os obxectivos iniciais desta solicitude:

- incorporar aos profesionais do servizo de radiodiagnóstico da EOXI á realización de probas de RM.
- modificar a organización do servizo cara un modelo por órganos e sistemas.

Dende a xerencia do SERGAS asumíuse a formalización deste proceso a través do plan operativo para unha execución de forma ordenada e planificada.

Finalmente debe terse en consideración que á unidade de RM de Galaria leva a cabo, ademais da actividade que se lle asigna neste momento dentro da área de servizo compartido da EOXI, á



correspondente as RM móbiles que se desprazan aos hospitais comarcais.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 13:55:50
Nº Rexistro: 45137
Data envío: 01/02/2019 13:55:50.326

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2019 13:55:46

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 40103** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o coñecemento polo Goberno galego dos prexuízos que lle vai a ocasionar á poboación o peche do Centro de Saúde de Castro, no Concello de Carballo, así como a valoración da posibilidade de mantelo aberto aínda que fose unhas horas durante algúns días á semana”**, (publicada no BOPG número 387 do 22 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A actividade asistencial do Consultorio de Castro de Carballo a partir de agora será prestada no centro de Saúde da Barreira. A equidade na prestación sanitaria queda garantida e a accesibilidade dos seus usuarios para a cobertura sanitaria non se verá afectada xa que o Centro de Saúde da Barreira dista do Consultorio de Carballo 3 km. O edificio situado na Barreira é de recente construción (ano 2010), e conta con todas as melloras desde o punto de vista arquitectónico e técnico, o que vai permitir que mellore a confortabilidade e a comodidade para os usuarios e para os profesionais sanitarios. A unificación do persoal nun só centro vai permitir unha mellor coordinación entre profesionais así como a mellora da atención aos pacientes, potenciando as visitas programadas tanto no Centro de Saúde como no domicilio. Neste sentido vaise potenciar tamén a coordinación no Concello (traballadora social, vehículos municipais para o desprazamento a domicilio programados, ...).”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45305
Data envío: 04/02/2019 15:59:37.517

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/02/2019 15:59:34

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 40149** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego referida á situación da atención pediátrica no concello de Zas, as súas previsións en relación co restablecemento das trinta e cinco horas semanais de atención que se viñan prestando, así como o establecemento dalgunha compensación económica para aquelas familias que teñen que desprazarse ata 40 quilómetros para recibila e as medidas previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 387 do 22 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A atención primaria de saúde na Comunidade Autónoma de Galicia, organízase en Servizos de Atención Primaria, que son as estruturas básicas para a prestación de servizos sanitarios á poboación.

Cada servizo pode ter unha ou varias unidades de atención primaria (centros de saúde) que se localizan en distintos puntos de atención, intentando aproximarse, sempre que sexa posible, á poboación atendida, e que están dotadas de persoal sanitario e persoal de servizos xerais que se adecúa ao ratio de poboación con tarxeta sanitaria (TIS).

Actualmente existe, en Galicia e no conxunto do España, un déficit de especialistas en pediatría dispoñibles de ser contratados para cubrir as prazas xa existentes nos centros de saúde. Esta situación vese agravada nos períodos de ausencias estivais dos cadros de persoal habituais, que están recollidas como dereito dos traballadores.

Nos últimos anos a poboación pediátrica atendida en Baio e Zas diminuíu un 51%, de xeito que pasou de case 600 nenos e nenas no ano 2000 aos pouco máis de 300 actuais, o que xustifica o axuste dos horarios de atención.

En relación ás horas de cobertura da atención pediátrica nos municipios que se realizaban en quenda completa de mañá, se reaxustaron no ano 2018 a un horario de 12 a 15 horas.



Na actualidade, nos municipios de Baio e Zas hai unha pediatra que da cobertura todos os días da semana a unha poboación de 331 nenos/as: os luns e xoves no centro de Baio, e os martes, mércores e venres no centro de saúde de Zas, cunha media de ocupación das axendas no ano 2018 de 10 nenos/as por día. No horario do centro de saúde, se presta tamén atención por médicos/as de familia, que están capacitados para realizar asistencia, se fose preciso, á poboación infantil.

Os nenos de Baio e Zas contan con atención pediátrica, estando o servizo garantido para a poboación cuberta, cunha proximidade razoable e nuns horarios que permiten a conciliación da vida laboral, escolar e familiar.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45417
Data envío: 05/02/2019 16:11:17.015

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2019 16:11:12

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 40241** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego dos datos referidos ás interrupcións voluntarias do embarazo, o número de derivacións a clínicas privadas e o uso de métodos anticonceptivos en Galicia, así como as actuacións e medidas previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 387 do 22 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á resposta facilitada polo director xeral de Asistencia Sanitaria á pregunta oral en comisión número 36.648 que tivo lugar na sesión da Comisión 5ª do 14 de novembro de 2018, na que indicou que o obxectivo do Sergas é garantir a calidade asistencial na prestación dos servizos sanitarios a todas as mulleres independentemente do lugar de Galicia no que residan e que no caso das Interrupcións voluntarias do embarazo se estableceron os protocolos e circuítos asistenciais que garanten o cumprimento da Lei Orgánica 2/2010, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.

O enlace no que se pode consultar tal resposta é o seguinte:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emplego-2018-11-14?part=e7098c78-0df8-4918-9995-76af521e903a&start=9414.>”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45304
Data envío: 04/02/2019 15:59:30.251

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/02/2019 15:59:27

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 40243** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego da educación sexual en Galicia, a formación e información que se está a trasladar á moidade na materia e as novas actuacións previstas nese eido, así como a realización dalgún estudo das causas da incidencia que está a ter o non uso de métodos anticonceptivos na porcentaxe rexistrada de embarazos non desexados, e a adopción de medidas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 387 do 22 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á resposta facilitada polo director xeral de Asistencia Sanitaria á pregunta oral en comisión número 36.648 que tivo lugar na sesión da Comisión 5ª do 14 de novembro de 2018, na que indicou que o obxectivo do Sergas é garantir a calidade asistencial na prestación dos servizos sanitarios a todas as mulleres independentemente do lugar de Galicia no que residan e que no caso das Interrupcións voluntarias do embarazo se estableceron os protocolos e circuitos asistenciais que garanten o cumprimento da Lei Orgánica 2/2010, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.

O enlace no que se pode consultar tal resposta é o seguinte:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emplego-2018-11-14?part=e7098c78-0df8-4918-9995-76af521e903a&start=9414.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emplego-2018-11-14?part=e7098c78-0df8-4918-9995-76af521e903a&start=9414)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45303
Data envío: 04/02/2019 15:59:21.235

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/02/2019 15:59:01

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 40249** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“os plans de continxencias previstos polo Goberno galego para evitar as situacións de saturación nos servizos de urxencias dos hospitais do Sergas, a consecuencia dos picos da gripe ou outras enfermidades infecciosas, as súas razóns para non atender as demandas dos profesionais referidas aos medios e dispositivos de asistencia necesarios e o prazo previsto para mellorar os cadros de persoal dos centros sanitarios públicos, así como a súa opinión respecto do prazo de tempo razoable para a permanencia dunha persoa nun servizo de urxencias dende a súa entrada ata o seu ingreso en planta”**, (publicada no BOPG número 387 do 22 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á resposta á interpelación número 3070, facilitada polo Conselleiro de Sanidade, no Pleno que tivo lugar o 22 de maio de 2018.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 13:55:40
Nº Rexistro: 45136
Data envío: 01/02/2019 13:55:40.763

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2019 13:55:37

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 40262** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia respecto da política de que está a levar a cabo co peche de servizos na sanidade, as súas razóns para manter pechada a terceira planta do Hospital Comarcal do Salnés, tendo en conta a incidencia que está a ter nas demais plantas e nas urxencias, así como para non cubrir as ratios de persoal necesarias para atender a demanda asistencial da poboación da que se ocupa ese centro”**, (publicada no BOPG número 387 do 22 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“As diferentes EOXIS do Servizo Galego de Saúde establecen a planificación estival na hospitalización. Con esta planificación adaptase as camas operativas ás necesidades que se producen no verán. A hospitalización redúcese en verán deste xeito as camas operativas se axustan a esa menor demanda. Unha parte desa diminución da necesidade ven dada pola diminución da demanda en verán pero tamén pola menor actividade que se realiza por coincidir este período coas vacacións dos profesionais.

No Hospital do Salnés durante os meses de xullo, agosto e setembro debido ao período vacacional dos traballadores, e en ausencia de substitutos para facer dita cobertura, faise necesaria unha reordenación dos recursos axeitada á actividade asistencial.

Como consecuencia do anterior, desde o 1 de xullo ata o 30 de setembro, a terceira planta de hospitalización non se utiliza porque son suficientes as plantas primeira e segunda para cubrir á actividade asistencial.



Non obstante, a terceira planta permanece dispoñible, é dicir, as camas están preparadas para ser utilizadas en calquera momento, como así se fixo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 13:55:32
Nº Rexistro: 45135
Data envío: 01/02/2019 13:55:32.701

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2019 13:55:29

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 40347** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión, as medidas e as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas queixas referidas ás deficiencias existentes no Servizo de Oncoloxía Pediátrica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela”**, (publicada no BOPG número 387 do 22 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“De maneira continua e seguindo os protocolos establecidos polo servizo de Medicina Preventiva realízanse revisións que permiten que se leven a cabo as reparacións que sexan necesarias, como neste caso puntual, o foi a reparación das baldosas caídas.

A limpeza das habitacións é diaria e se realiza baixo os controis habituais polo servizo de Medicina Preventiva.

Os pacientes inmunodeprimidos teñen un risco maior de infeccións oportunistas (endóxeas e nosocomiais) e polo tanto precisan de intervencións especiais de control de infeccións para evitar a transmisión en entornos de atención médica.

Para os pacientes neutropénicos, na maioría dos hospitais se usa unha forma de aillamento protector. Isto abarca desde o entorno de protección total (habitacións con filtro HEPA e fluxo de aire laminar e presión positiva) ata o aillamento inverso simple con precaucións estándar (uso de mascarilla e bata).

Actualmente, as únicas circunstancias nas que se recomenda aillamento protector total é para pacientes receptores de trasplante de precursores hematopoyéticos alogénico e as anemias aplásticas severas. Nos pacientes inmunodeprimidos é suficiente co aillamento inverso simple que é o que se pode levar a cabo nas habitacións non chamadas de aillamento.

A sala de espera dos pacientes oncolóxicos está dotada de material para nenos (cadeiras, mesas, xogos, TV, videoconsola, libros), e polo que se refire aos tempos de agarda para consulta



son consecuencia de que os pacientes acoden a primeira hora para realizar as analíticas polo que a consulta non pode comezar ata que non se teña o resultado das mesmas, pois moitos dos ingresos, tratamentos ou transfusións dependen dos resultados das analíticas.

Nestes momentos desde a Xerencia se está a realizar unha análise da ocupación da área de pediatría co obxectivo de dimensionar adecuadamente á área de hospitalización de oncopediatría así como outras actuacións a levar a cabo nas áreas ambulatorias.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45302
Data envío: 04/02/2019 15:58:49.954

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/02/2019 15:58:29

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 40443** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o coñecemento e a opinión da Xunta de Galicia referida á situación asistencial que se está a producir no Centro de Saúde de Mugardos, así como as razóns que hai para non cubrir nel as ausencias do persoal”**, (publicada no BOPG número 391 do 29 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O edificio do Centro de Saúde do Concello de Mugardos vén de asumirse tras o acordo asinado coa FEGAMP e nos últimos meses realizáronse as seguintes intervencións de acondicionamento do mesmo:

Instalación dun elevador

Reordenación dos espazos de asistencia infanto-maternal

Cambio da instalación de calefacción a unha máis eficiente.

Procederáse tamén a reparación das cubertas e illamento, mellorando a eficiencia acústica, pendente da preceptiva licencia municipal. Coma xa se informou ao concello, as dificultades para dispor de facultativos nas listas de contratación fai que estea limitada a cobertura das ausencias.

Ademais o proceso de concurso de traslado e os períodos de toma de posesión dos mesmos dificultaron a cobertura de facultativos na xerencia, e polo tanto tamén no concello de Mugardos. En Galicia cóbrense as xubilacións, as baixas, permisos e as vacacións sempre que é posible.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45416
Data envío: 05/02/2019 16:11:08.140

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2019 16:10:53

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 40548** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Consellería de Sanidade respecto da derivación ao Centro de Saúde de Ponteareas, na provincia de Pontevedra, das 593 crianzas correspondentes aos centros de saúde de Mondariz, Mondariz-Balneario e do Covelo, así como as súas previsións en relación coa cobertura da baixa dunha das pediatras do consultorio de Ponteareas”**, (publicada no BOPG número 391 do 29 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En Galicia, e no resto de España, é sobradamente coñecido que existe un déficit de pediatras. En Galicia cóbrense as xubilacións, as baixas, os permisos e as vacacións, sempre que é posible.

O concello de Mondariz conta con 463 menores de 14 anos. Durante o mes de agosto, e algúns días de setembro, por mor da ausencia imprevista da pediatra titular, a atención sanitaria aos nenos e nenas do citado cupo trasladouse ao Centro de Saúde de Ponteareas, ante a indisponibilidade de persoal substituto.

Dende o pasado 25 de setembro, a consulta de pediatría volveuse a retomar no propio centro de saúde de Mondariz.

No concurso de traslados que se está a levar a cabo nestes momentos, a pediatra titular obtivo destino noutro centro. Está previsto sacar a praza vacante para a súa cobertura por aqueles especialistas dispoñibles.



Desde o Servizo Galego de Saúde estase a traballar co único obxectivo de garantir a asistencia pediátrica especializada de forma estable e continuada, fortalecendo a Atención Primaria.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

páxina 2 de 2



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45415
Data envío: 05/02/2019 16:10:41.984

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2019 16:10:19

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 40570** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **“a opinión do Goberno galego referida ao peche dos centros do Proxecto Home de Lugo e Pontevedra, as actuacións previstas para garantir o mantemento dos servizos que están a prestar de xeito descentralizado os proxectos de iniciativa social consolidados, así como para fiscalizar o cumprimento das condicións laborais e de calidade asistencial establecidas na lexislación vixente polas institucións e entidades de iniciativa social que perciben subvención ou recursos públicos, e os datos referidos aos recursos asistenciais de trastornos aditivos que hai na provincia de Lugo”**, (publicada no BOPG número 391 do 29 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á resposta facilitada polo Conselleiro de Sanidade á pregunta oral en pleno número 39479, que tivo lugar no pleno do 7 de novembro de 2018.

Pode consultarse a mesma no seguinte enlace:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-11-07?part=d35991c9-ce7a-4a15-97df-b6346cfd2c0a&start=16619.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-11-07?part=d35991c9-ce7a-4a15-97df-b6346cfd2c0a&start=16619)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 13:15:38
Nº Rexistro: 45266
Data envío: 04/02/2019 13:15:38.085

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/02/2019 13:15:32

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 40665** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **“a incidencia que está a ter, no cumprimento dos seus fins e no aumento das visitas ás persoas tuteladas, a escasa dotación orzamentaria e de medios humanos da Fundación Galega para o impulso da Autonomía Persoal e a Atención ás Persoas en Situación de Dependencia, FUNGA, así como a valoración da Xunta de Galicia respecto da súa eficacia, a súa coordinación cos servizos sociais comunitarios e o nomeamento do seu Director-Xerente”**, (publicada no BOPG número 391 do 29 de novembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O labor da Fundación Galega para a Tutela de Persoas Adultas desenvólvese cos actuais recursos cun gran nivel de profesionalidade e eficiencia. Hai menos de dous anos que o cadro de persoal se incrementou nun 21%, e exercicio tras exercicio, se vén incrementando tamén a dotación orzamentaria asignada á Fundación. O incremento no número de visitas a tutelados será posible a través dunha programación do traballo cada día máis eficiente.

A Xunta de Galicia considera de enorme valor o labor da Funga. Un labor imprescindible no eido social, e que se desenvolve cun alto grao de profesionalidade e implicación, co obxectivo principal de garantir o benestar das persoas tuteladas, sobre as que se fai un seguimento constante e programado, de acordo coas atribucións que ten encomendadas a Fundación, personalizadas segundo o establecido en cada sentenza xudicial.

A Funga mantén un diálogo fluído e unha coordinación permanente cos servizos sociais comunitarios. Porén, seguirá implementando cantas medidas sexan precisas para avanzar nun traballo conxunto cada día máis efectivo.

Non consta que exista unha relación entre o cadro de persoal da Fundación e a presunta comisión de delitos ou sufrimento dos mesmos por parte das persoas tuteladas. Ata o de agora, ningunha sentenza xudicial determinou mala praxe ou responsabilidade por parte da Funga



neste tipo de casos. A Funga, como entidade tutelar, solicita para as persoas baixo a súa titoría, e na súa representación, todos aqueles recursos aos que teñen dereito, procurando que se faga un uso racional dos mesmos, unha vez concedidos.

O nomeamento da Dirección-Xerencia fíxose de acordo coa normativa vixente, reunindo a persoa nomeada a cualificación requirida para o desempeño do cargo, cuxas retribucións son as contempladas no Proxecto de Orzamentos Xerais da Xunta de Galicia para o ano 2019.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45539
Data envío: 06/02/2019 15:41:28.715

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/02/2019 15:41:25

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 40851** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos á decisión da Xunta de Galicia de reorganizar a asistencia sanitaria que se viña prestando no concello de Carballedo, as súas razóns para diminuír o número de profesionais de Medicina de Familia e pechar o consultorio de Castro de Carballedo, a incidencia que van ter esas medidas, así como as novas formas de asistencia sanitaria que vai implantar nese concello”**, (publicada no BOPG número 394 do 5 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A actividade asistencial do Consultorio de Castro de Carballedo a partir de agora será prestada no centro de Saúde da Barrela.

A equidade na prestación sanitaria queda garantida e a accesibilidade dos seus usuarios para a cobertura sanitaria non se verá afectada xa que o Centro de Saúde da Barrela dista do Consultorio de Carballedo 3 km.

O edificio situado na Barrela é de recente construción (ano 2010), e conta con todas as melloras desde o punto de vista arquitectónico e técnico, o que vai permitir que mellore a confortabilidade e a comodidade para os usuarios e para os profesionais sanitarios.

A unificación do persoal nun só centro vai permitir unha mellor coordinación entre profesionais así como a mellora da atención aos pacientes, potenciando as visitas programadas tanto no Centro de Saúde como no domicilio. Neste sentido vaise potenciar tamén a coordinación no Concello (traballadora social, vehículos municipais para o desprazamento a domicilio



programados, ...).”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 13:06:57
Nº Rexistro: 45265
Data envío: 04/02/2019 13:06:57.554

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/02/2019 13:06:54

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 40942** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto do actual funcionamento da Fundación Galega para o Impulso da Autonomía Persoal e a Atención ás Persoas en Situación de Dependencia, FUNGA, a súa dotación de profesionais e o proceso seguido para de cobertura da praza de director-xerente, así como as previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG número 394 do 5 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas presta un servizo integral de protección, xurídica patrimonial e social das persoas maiores de idade en situación de desamparo que teñen a súa capacidade de obrar modificada por sentenza xudicial, e tamén daquelas que se atopan nun proceso xudicial de modificación da súa capacidade de obrar. A prestación deste servizo é dunha enorme valía social e se desenvolve cos recursos actuais cun alto nivel de eficiencia e profesionalidade, sempre orientado ao benestar das persoas atendidas. O cadro de persoal incrementouse nun 21% (4 postos de traballo: 2 administrativos/as e 2 traballadores/as sociais) hai menos de dous anos. Tras ter quedado deserto o concurso para a cobertura da praza do director-xerente iniciado no ano 2015, no mes de maio de 2018 quedou cuberta a praza cun procedemento que en todo momento respecta a normativa vixente.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45537
Data envío: 06/02/2019 15:40:59.981

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/02/2019 15:40:55

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 40966** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Concepción Burgo López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da adopción pola empresa Medtronic da decisión de ampliar o Servizo de Hemodinámica do Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo ás 24 horas do día, as decisións que está a tomar no Servizo de CardioloXía do centro segundo o acordo asinado coa Consellería de Sanidade e a relación que hai e entre ela e o Servizo de Hemodinámica dese hospital”**, (publicada no BOPG número 394 do 5 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde formalizou acordos de colaboración para a mellora continua e para incrementar a calidade asistencial e eficiencia operativa de unidades asistenciais con Medtronic S.A.

Estes convenios son públicos e, como todos os convenios formalizados pola Consellería de Sanidade, atópanse dispoñibles e accesibles a toda a cidadanía no portal web da Xunta de Galicia (<https://www.xunta.gal/consulta-convenios>).

Os profesionais da unidade de CardioloXía non teñen ningún incentivo específico relacionado coa cuestión formulada.

Os profesionais da empresa Medtronic non forman parte nin das unidades correspondentes nin da dirección das mesmas, e non teñen relación xerárquica algunha respecto do persoal do Servizo Galego de Saúde.

Non hai integración xerárquica de ningún membro dunha empresa externa no cadro de dirección das unidades asistenciais das EOXIs.

Os profesionais do Sergas non están a ser tutorizados por ningunha empresa privada.

A Consellería de Sanidade continúa traballando na mellora da calidade asistencial, dunha forma



rigorosa, utilizando argumentos técnicos e fundamentados, analizando e establecendo medidas de mellora para que a cidadanía galega continúe a ter un sistema sanitario público seguro e de calidade. E seguiremos realizando reunións periódicas da Comisión Técnica para avaliar e actualizar o PROGALIAM segundo as novas evidencias dispoñibles.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45536
Data envío: 06/02/2019 15:40:50.278

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/02/2019 15:40:29

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 41016** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Flora María Miranda Pena e dona Paula Quinteiro Araújo, sobre **“as medidas desenvolvidas e as actuacións levadas a cabo para a atención á saúde das mulleres coa perspectiva de xénero no Sistema público de saúde de Galicia”**, (publicada no BOPG número 394 do 5 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En relación coa prevención e abordaxe da violencia de xénero no eido sanitario hai dous protocolos vixentes que son utilizados por todos os profesionais da rede do Sergas:

O ‘Protocolo Común para a actuación sanitaria ante a violencia de xénero’, do Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, elaborado coa colaboración das comunidades autónomas.

A ‘Guía técnica do proceso de atención ás mulleres en situación de violencia de xénero’ implantada en todos os centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde desde o ano 2009.

Desde o ano 2009 ao 2018 a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento impartiu 93 cursos en materia de prevención e abordaxe da violencia de xénero.

Ponse a disposición das traballadoras e traballadores do Sergas a información sobre os recursos dos que dispoñen e de como actuar ante unha situación de violencia de xénero



así como dos dereitos que asisten ás vítimas, a través da 'Guía informativa para mulleres en situación de violencia de xénero', dispoñible na intranet do Sergas.

Tamén na intranet do Sergas contamos coa 'Guía Violencia de Xénero. Procedemento de intervención en saúde'."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 13:06:49
Nº Rexistro: 45264
Data envío: 04/02/2019 13:06:49.647

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/02/2019 13:06:45

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 41212** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **“o coñecemento pola Xunta de Galicia das carencias e deficiencias que presenta en materia de climatización e accesibilidade o Centro de Saúde de Escairón, as súas previsións referidas ao seu arranxo namentres non entre en servizo o novo edificio e a data estimada para a súa posta en funcionamento, así como as súas intencións respecto da posibilidade de adaptalo a novos usos sociais e o incremento da dotación de medios humanos na Atención Primaria do concello do Saviñao”**, (publicada no BOPG número 398 do 14 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Sanidade coñece a problemática do centro de saúde de Escairón polo que procedeu a planificar a construción dun novo centro ante a dificultade de poder reformar o centro existente.

No ano 2015, leváronse a cabo reparacións na cuberta e illamentos e exteriores do centro, así como diversas adaptacións interiores para conseguir unha sala de urxencias e mellorar aseos, arquivos e salas.

Coa solución dada polo concello ao tema da calefacción entendemos que se está a traballar con normalidade no centro.

O centro de saúde do Saviñao foi licitado o 14/12/2018 cun prazo de execución de 12 meses.

O concello do Saviñao conta cunha unidade de atención primaria ben dotada en recursos humanos, dado que conta con 4 médicos de familia, 4 DUE, 1 pediatra de área, e 2 administrativos, para a atención de 3.440 cidadáns con tarxeta sanitaria, polo que non está



previsto o seu incremento.

Así mesmo os servizos de apoio están ubicados no concello de Chantada que dista deste centro de saúde menos de 15 quilómetros en distancia e 14 minutos en tempo.

O centro de saúde de Escairón é de titularidade municipal polo que debe ser o concello o que decida o seu uso unha vez queden liberadas as instalacións.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45169
Data envío: 01/02/2019 15:47:34.837

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2019 15:47:31

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 41214** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Flora María Miranda Pena, sobre **“a dispoñibilidade pola administración sanitaria pública galega dalgún plan estratéxico de continxencia para organizar, estruturar, planificar e ordenar a atención pediátrica dos concellos de Mondariz, Mondariz-Balneario e do Covelo no Centro de Saúde de Mondariz”**, (publicada no BOPG número 398 do 14 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En Galicia, e no resto de España, é sobradamente coñecido que existe un déficit de pediatras. En Galicia cóbrense as xubilacións, as baixas, os permisos e as vacacións, sempre que é posible. O concello de Mondariz conta con 463 menores de 14 anos. Durante o mes de agosto, e algúns días de setembro, por mor da ausencia imprevista da pediatra titular, a atención sanitaria aos nenos e nenas do citado cupo trasladouse ao Centro de Saúde de Ponteareas, ante a indispoñibilidade de persoal substituto. Dende o pasado 25 de setembro, a consulta de pediatría volveuse a retomar no propio centro de saúde de Mondariz.

No concurso de traslados que se está a levar a cabo nestes momentos, a pediatra titular obtivo destino noutro centro. Está previsto sacar a praza vacante para a súa cobertura por aqueles especialistas dispoñibles. Desde o Servizo Galego de Saúde estase a traballar co único obxectivo de garantir a asistencia pediátrica especializada de forma estable e continuada, fortalecendo a Atención Primaria.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45168
Data envío: 01/02/2019 15:47:27.009

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2019 15:47:24

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 41227** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as previsións da Consellería de Sanidade respecto da dotación ao novo centro de saúde da Estrada dunha base para o 061”**, (publicada no BOPG número 398 do 14 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Non está prevista a dotación dunha base do 061 no novo centro de Saúde da Estrada.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45167
Data envío: 01/02/2019 15:47:19.838

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2019 15:47:16

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 41280** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a dispoñibilidade polo Servizo Galego de Saúde dos medios necesarios para garantir os dereitos das persoas enfermas terminais, así como a garantía na actualidade polo Goberno galego do cumprimento do disposto na Lei 5/2015”**, (publicada no BOPG número 398 do 14 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Coa aprobación da Lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías das persoas enfermas terminais, procedeuse a adaptar a composición da Comisión Galega de Coidados Paliativos, órgano asesor e consultivo nesta materia, procurando que estean representados e implicados dentro dela os axentes sanitarios e socio sanitarios que teñen relación, non só cos doentes terminais e as súas familias, senón tamén coas persoas con enfermidade avanzada e complexa.

A través do Decreto 181/2016, do 9 de decembro, polo que se modifica o Decreto 181/2010, do 21 de outubro, creouse a Comisión Galega de Coidados Paliativos, na que se integran o persoal médico e de enfermería de Medicina Interna; traballo social; médicos e farmacéuticos de Atención Primaria; Psicoloxía clínica hospitalaria; persoal médico e de enfermería de unidades de coidados paliativos; médicos da fundación 06; enfermería de HADO; médicos de oncoloxía; médicos de pediatría; médicos de neuroloxía e un representante da Conselleira de Política Social.

O obxectivo desta composición é promover o dereito dos pacientes a recibir cuidados paliativos integrais acorde coa súas necesidades e coordinados entre os diferentes profesionais.

A Comisión Galega de Coidados Paliativos esta a traballar no redeseño dos Comités Técnicos Asistenciais de Coidados Paliativos, en canto a súas funcións e composición de xeito que sexan o reflexo da Comisión nas áreas sanitarias.

Así mesmo por parte da Comisión Galega de Coidados Paliativos está a traballar nos contidos para a realización de accións formativas para todo o persoal sanitario do Servizo Galego de



Saúde co obxectivo de incrementar as competencias de atención aos pacientes con estas necesidades.

Desde a aprobación da Lei 5/2015 do 26 de xuño, de dereitos e garantías das persoas enfermas terminais, e de forma progresiva os hospitais do Servizo Galego de Saúde están adaptando as súas unidades de coidados paliativos ao establecido nela.

A concepción dos coidados paliativos está a evolucionando cara a un modelo máis dinámico e integral, no que se compaxinan os tratamentos potencialmente curativos cos destinados a mellorar a calidade de vida. A atención paliativa é competencia de toda a rede sanitaria (atención primaria, atención hospitalaria, unidades de coidados paliativos e de hospitalización a domicilio), e non só dos dispositivos específicos de coidados paliativos.

Todos os pacientes que precisan de coidados paliativos son atendidos en función da necesidade. Para as non complexas poden dispoñer dos recursos convencionais tanto de Atención Primaria como de Atención Hospitalaria. Cando se trate de pacientes con necesidades de atención paliativa considerada complexa disporán dos profesionais de recursos específicos de coidados paliativos.

Na nosa Comunidade existe unha rede de recursos na atención paliativa, unidades de coidados paliativos e unidades de hospitalización a domicilio, en todos os hospitais do Servizo Galego de Saúde.

Ademais o Servizo Galego de Saúde dispón de 399 unidades de Atención Primaria nas que atenden pacientes con necesidades de atención paliativa non complexas.

O Servizo Galego de Saúde continúa a traballar a favor da atención paliativa dos galegos e galegas que o necesitan.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 13:55:24
Nº Rexistro: 45134
Data envío: 01/02/2019 13:55:24.654

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2019 13:54:50

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 41293** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Flora María Miranda Pena e don Luís Villares Naveira, sobre **“a dispoñibilidade pola Administración sanitaria pública galega dalgún plan estratéxico de continxencia para organizar, estruturar, planificar e ordenar a atención pediátrica”**, (publicada no BOPG número 398 do 14 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En Galicia, e no resto de España, é sobradamente coñecido que existe un déficit de pediatras. En Galicia cóbrense as xubilacións, as baixas, os permisos e as vacacións, sempre que é posible.

No Sergas apostamos polo actual modelo de atención pediátrica especializada nos Centros de Saúde para os nenos e nenas galegas, cunha cobertura desta asistencia por parte dos pediatras dun casi 90%.

Desde o Servizo Galego de Saúde estase a traballar co único obxectivo de garantir a asistencia pediátrica especializada de forma estable e continuada, fortalecendo a Atención Primaria.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 13:06:40
Nº Rexistro: 45263
Data envío: 04/02/2019 13:06:40.866

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/02/2019 13:06:37

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 41399** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e don Luís Villares Naveira, sobre **“as razóns da Xunta de Galicia para non promover un acordo parlamentario co fin de impulsar un estudo referido á creación dun centro público de referencia para a rehabilitación das persoas con dano cerebral adquirido, as súas intencións en relación coa promoción dunha estratexia galega de atención a esa doenza e as medidas que vai adoptar ao respecto”**, (publicada no BOPG número 398 do 14 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á resposta facilitada polo Director Xeral de Asistencia Sanitaria á pregunta número 42379 que tivo lugar na Comisión 5ª do día 23 de xaneiro de 2019.

Pode consultarse no seguinte enlace:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emprego-2019-01-23?part=5aaab6f3-357f-40b4-a75d-f47e025d34fa&start=8525.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emprego-2019-01-23?part=5aaab6f3-357f-40b4-a75d-f47e025d34fa&start=8525)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 13:06:33
Nº Rexistro: 45262
Data envío: 04/02/2019 13:06:33.069

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/02/2019 13:06:27

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 41412 formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia respecto da situación existente na actualidade en relación co concerto coa empresa que xestiona o hospital Povisa de Vigo, a súa opinión referida á utilización do persoal do centro e da asistencia sanitaria á hora de exixir máis recursos públicos, a redución de camas e instalacións públicas do Sergas na Área sanitaria de Vigo e a inviabilidade do mantemento de concertos sanitarios de xeito estrutural no Servizo Galego de Saúde, así como a realización dalgún estudo da viabilidade da asunción da atención sanitaria do centro”**, (publicada no BOPG número 398 do 14 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á resposta facilitada polo Conselleiro de Sanidade á pregunta oral número 38011 que tivo lugar no pleno do 19 de decembro de 2018.

Pode consultarse no seguinte enlace:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-12-19?part=21336c32-45c3-4d2d-a32f-ff08f4515adc&start=8593.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-12-19?part=21336c32-45c3-4d2d-a32f-ff08f4515adc&start=8593)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45166
Data envío: 01/02/2019 15:47:12.416

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2019 15:47:09

CSV: BOPGDSPG-5JqILGBb-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 41425 formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as previsións do Goberno galego referidas á modificación da súa posición actual en relación co cobro polo Concello de Vigo do IBI correspondente ao Hospital Álvaro Cunqueiro, así como as razóns da Xerencia do Sergas para interpor alegacións, como representante da empresa concesionaria do centro e do Servizo Galego de Saúde, para evitar a modificación da ordenanza fiscal ao respecto”**, (publicada no BOPG número 398 do 14 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O 7 de marzo de 2006 asinouse o Convenio Marco de cooperación entre a Xunta de Galicia, a través das consellerías de Sanidade, Obras Públicas e Transportes, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Vigo, para a construción do novo hospital de Vigo e dotación das súas infraestruturas, no que se recollía, na súa cláusula quinta, o compromiso do concello de Vigo de regular nas ordenanzas fiscais a exención a favor dos centros sanitarios públicos do pago do imposto sobre bens inmobles.

Como consecuencia do compromiso asumido no devandito Convenio Marco, o Concello de Vigo, en sesión plenaria de día 23 de outubro de 2006, aprobou unha modificación da Ordenanza fiscal do Imposto sobre Bens Inmobles para o exercicio 2007 e seguintes incorporando a seguinte exención potestativa:

“artigo 5. Exencións.

1. Estarán exentos os seguintes inmobles:

.....

i) Os centros sanitarios da titularidade do SERGAS que se creen con posterioridade a 1 de xaneiro de 2007 e, mentres que continúen afectados a uso sanitario”.

O 7 de decembro de 2018 o Concello de Vigo publica a modificación da ordenanza municipal,



suprimindo o apartado i) do artigo 5.1.

Tal e como xa se alegou ante o Concello de Vigo esta modificación da normativa supón un incumprimento dos compromisos adquiridos polo Concello de Vigo no citado Convenio Marco de cooperación entre a Xunta de Galicia, a través das consellerías de Sanidade, Obras Públicas e Transportes, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Vigo.

O Servizo Galego de Saúde nos convenios que se asinan cos Concellos en materia de colaboración sanitaria, para a construción de novos centros sanitarios, ou de cesión gratuíta de centros de saúde, ou de de ampliación de hospitais, etc, establece a mesma cláusula recollendo a colaboración dos concellos en materia tributaria mediante a exención do IBI a centros sanitarios de titularidade pública.

